



Vila de Maside. Cadro de D. Juan Fernández Pérez "Xesta". (Ano 1915)

XOSÉ RICARDO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

Diplomado en Maxisterio e Corresponsal Deportivo da "Agencia EFE" en Maside.

XOSÉ RICARDO RODRÍGUEZ PÉREZ

Ex-concelleiro de Cultura do concello de Maside, ten sido correspondente e colaborador en diversos medios de comunicación, falados e escritos. Autor de títulos como *O noso Camiño de Santiago*, *O daco-*

nés Xoan Corral, *A agochada obra de Manuel Lois Vázquez*, *O Beato Juan Jacobo Fernández*, e *José Fco. González Labrador*", coautor de *Toponimia e alcumes do Concello de Maside*, a máis do *Ourense Etnográfico*. É compoñente do Centro de Estudos Chamoso Lamas.



Santo Tomé

de Maside “O Vello”

ROMÁNICO (S.XII-XIII)

Xosé Ricardo Rodríguez Rodríguez
Xosé Ricardo Rodríguez Pérez


Maside vila atópase a uns 20 quilómetros de Ourense. Sita na estrada que achega Pontevedra a Ourense.

Capital do municipio, pertencente ó partido xudicial do Carballiño e á parroquia de Sto. Tomé de Maside. “A vila de Maside ten estrutura urbana, de rúas perpendiculares a un eixe, esta de pendente forzada por terse formado sobre un camiño. A edificación ten aspecto xeral de Idade Moderna e resultaría interesante a análise de varios edificios que manteñen a estrutura orixinaria entre os que ven o conto falar do novo templo de Santo Tomé:

Na parte inferior da vila está asentada a igrexa neogótica aberta ó culto en 1910^I sendo abade don Fermín Fernández Pérez, o crego a quen se lle deben as xestións para que este templo fora o sustituto do

de Sto. Tomé O Vello na realización do culto parroquial, crego que ten o cúmulo de protagonista da efemérides: Foi o derradeiro inquilino no pobo da Igrexa e da rectoral [na que morreu a súa criada cando foi pasto das lapas a casa]; ó sacerdote encargado de ter no vello Santo Tomé os derradeiros actos litúrxicos como principal templo da freguesía; e xa como consecuencia delo, o primeiro en estreala nova igrexa o sete de xaneiro do mesmo 1910, logo que o 3 de novembro do 1909 estando rematadas as obras ata o arranque da torre, co pavimento, pila bautismal, púlpito, confesionarios, tribuna, e tres altares coas súas fermosas imaxes, etc, o crego don Fermín solicita se declara habilitado o novo templo o atoparse rematado, contando que de tódolos veciños da freguesía viven na vila, e tan só cinco non residen nela. [estase a referir os habitantes de Figueiredo].^{II} O novo templo foi froito do coordinado deseño

I. ESTÉVEZ PUGA José, “La nueva iglesia de Santo Tomé de Maside” (Orense). Boletín de Estudios do Seminario “Fontan-Sarmiento”. Nº 2º. Ano 1999. Pp. 73 á 88.
II. ESTÉVEZ PUGA, José. “Maside e a súa antiga xurisdicción”. (1994). Px. 92.



Torre da Casa do Concello de Maside, A.M. Villalba, 2001

entre o asturiano arquitecto da diocese de Asturias don Luis Bellido, e o seu colega da de Ourense, o de Beariz don Daniel Vázquez-Gulias; edificio de culto que supliu a capela de San Antón, onde se celebraban misas os días de preceuto, aboadas estas de xeito extraordinario polo concello masidao.

Exteriormente este aire apenas se manifesta máis ca nos ventanais do cruceiro, biforos cun trifolio e unha columniña-parteluz. Hai influencia modernista na ancha faixa que serve de trasdós e xambas de cada arco.

A planta ten cinco corpos: portada e campanario, nave de tres tramos, cruceiro, capela maior, e semicilindro inserto no muro posterior".^{III}

STO. TOMÉ "O VELLO" o templo románico

Nun principio, era parroquia titular da vila e pía bautismal a igrexa románica. Cando se construiu a vila que foi cobrando máis importancia cada día mentres a parroquia de Sto. Tomé ía quedando solitaria e illada no lugar da Igrexa, máis coñecido entre os masidaos como Maside o Vello. Por esta e outras razóns este recinto pasou a ser só cemiterio da vila, cabeceira da parroquia, gracias ó cal se conservou en pé o pequeno templo románico, como servicio para o campo-santo.

A igrexa de Sto. Tomé "O Vello" goza dun privilexiado emprazamento posta nun outeiro de grata perspectiva, servindo de centro do campo-santo presidido por un airoso e elegante cruceiro neoclásico.

O templo de Sto. Tomé de Maside é un bo exemplar de tipo tan frecuente no románico rural de Galicia. Dunha soa nave rectangular de 8'5 metros con capela maior cadrada duns catro metros de lado, e que lle dá ó templo unha lonxitude total de pouco máis de doce metros.

Orientado de Este a Oeste, na súa recta cabeceira ábrese unha ventá absidal de arco redondo con catro arquivoltas de touro e escocia a máis interior, funiculada a seguinte sobre a que vai outra de arquiños e albergando o conxunto un arco de fino "abilletado". Esta arcatura descansa en sendas columnas con intermedio dunha imposta de nacela. Os fustes das columnas son liso un, con capitel figurando a primitiva serea ou sexa, con busto de muller e corpo de ave e salomónico o outro con capitel representando un home barbado e con ás.

Esta preciosa fiestra ten saeteira e vai protexida por un pequeno "tejaroz" losanxeada con seis canzorros e cinco metopas. O primeiro e o último dos "canes" son de folla cunha bola na punta volta, outro hai de rolos e os restantes son sinxelos. As

III. CID RUMBAO, Alfredo, "Ejemplares románicos en el municipio de Maside" xornal "La Región", (Ourense) do 6-IV-82.

metopas están decoradas sucesivamente e de esquerda a dereira cunha grande rosa, unha cruz inscrita nun círculo, cunha flor octifolia con círculos concéntricos a modo dunha rosca de pan e cunha cruz grega.

Corona o piñón da parede absidal unha cruz antefixa en figura de rosácea posta en aspa sobre un arco e descansando sobre o Agnus Dei, tipo frecuente no noso románico popular.

Sobre o piñón ou “cantacuco” do muro da nave que corresponde ó arco triunfal da igrexa, houbo outra cruz antefixa, hoxe desaparecida, e da que tan só resta o año que lle servía de base.

Os muros laterais levan tamén “tejaroz” con “canes” de follas, outras con “baquetillas” verticais e hai un que representa dous animais felinos idénticos en loita feroz sendo un excelente relevo polo seu vigor e valente execución.^{IV}

Na parede norte ábrese unha saeteira e a do sur ten dúas fiestras cadradas feitas máis modernamente cando se tivo que ergue-la parede que ameazaba ruína. Ámbolos muros tiveron portas de arco redondo que na actualidade están cegadas.

A fachada da igrexa ostenta unha fermosa portada románica, abocinada, composta de dous pares de columnas, de fustes lisos, sobre basas con garras e capiteis decorados. Os interiores adórnanse con follas que levan unhas pequenas bolas no seu ápice. Os dous exteriores; o da dereita da porta presenta uns tallos entrelazados con flores estando finamente esculpido. Non seu fronteiro da esquerda aparece un lobo devorando unha ovella que retén coas súas patas dianteiras, excelente relevo polo seu vigor e valente execución.

As arquivoltas son de tipo corrente de “toros”, “escocias” e “baquetillas” no intradós abrazadas por un amplo arco de fino “abilletado” e no extradós abrazadas por un amplo arco de fino axedrezado.^V O conxunto descansa sobre unha imposta moldurada e corrida que serve de cimacio ós capiteis e, como fondo da arcatura vese un tímpano liso composto de tres pezas e apoiado en sendas “mochetas” decoradas unha delas cun rolo ou espiral e a outra cunha especie de caxatos ou bastóns. Na peza central do tímpano advírtese restos de pinturas vellas (apenas están estudiadas).

Por riba da portada ábrese unha saeteira e rematando a fachada álzase unha esbelta espadaña, rematada nunha pequena cruz, con dous buratos arqueados para os sinos. Estes arquiños apóianse en tres pilastras co intermedio dunha imposta moldurada.

Sospéitase que a data de reconstrución da espadaña: “Siendo cura Joseph P.H.R.,1633”, [inscripción nunha das pedras do frontis, a esquerda da portada, a 2’5 m. da base da espadaña, tomada o 24-8-1970] é a mesma en que se ampliou a igrexa engadindo unha capela na parte norte que se comunica coa maior mediante un amplo arco sobre pilastras molduradas con capiteis do mesmo tipo que substitúe o muro desta parte da ousía. Este edículo ten unha pequena porta adintelada para saír ó atrio.

Interiormente a capela maior é cadrada estando separada da nave por un arco “toral” de medio punto peraltado sobre columnas adosadas con interesantes capiteis dos cales o da dereita representa un home con báculo posto entre un mono e unha águia con sendos libros nas gadoupas.

O seu cimacio é un tallo ondulado e a base é ática con poutas.

No outro capitel, o da esquerda, vense dezaseis pombas postas sobre as pólas dunha árbore que as están peteirando, e que como as landras son a súa manutención, suponse que é unha carballa; leva este capitel un cimacio de seis violetas inscritas noutros tantos círculos e no seu recuncho exterior unha pequena cabeza de animal coa boca aberta amosando os dentes. O cimacio continúa sobre o muro da capela compoñendo una imposta de tacos redondos. No ángulo do arco “toral” co muro ábsidal nace un arco ornamentado con “billetes”.

Chaman a atención os capiteis das pombas postas sobre as pólas dunha árbore (supostamente unha carballa tal como xa fixemos referencia) que é un tema habitual no noso románico rural e que só se atopa nestas dúas igrexas.

Disque na Arte Visigoda está o antecedente máis claro do uso das aves na decoración das igrexas cristiás.

O número de aves difire nas dúas igrexas sendo de seis en Castro de Beiro e de trece en Maside.

IV. RODRÍGUEZ Benjamín. e RODRÍGUEZ PÉREZ Xosé Ricardo, “La iglesia de Santo Tomé de Maside ‘O Vello’”, xornal “La Región”(Ourense), do 9-II-1979.
V. *Ibidem*.



A igrexa de Maside ten grandes semellanzas á do S. Andrés de Castro de Beiro, mais os capiteis da masidá amosan unha man de artista máis depurada que na outra. (Foto X. Ricardo Rodríguez Pérez)

Nun capitel dunha fiestra da “girola” da catedral de Santiago vese unha serea moi semellante á que deixamos rexistrada na fiestra absidal da igrexa de Maside. Importantes son ademais o outro capitel do arco triunfal e o da porta principal coa moi lograda representación do lobo devorando un año.^{VI}

Vicente Risco dinos que: “Maside Vello, onde está a igrexa antiga, é un interesante exemplar do románico. Dunha soa nave rectangular con ábside tamén rectangular, presenta na traseira deste unha fermosa fiestra de arco de medio punto con columnas nas xambas (que teñen capiteis de monstros) con impostas decoradas de ondas e “losanges” e arquivolta exterior formada dun cable, unha serie de arquiños e un

axedrezado. Sobre a fiestra hai unha imposta “losangeada” sostida por canzorros variados, con círculos de diferente traza nos espazos, e remata en piñon, sobre o que se alza o Agnus Dei, surmontado dunha cruz antefixa con figura de rosácea, tamén moi repetida en Galicia. Os canzorros laterais tamen son interesantes, con motivos animais e monstros e figuras estrañas, algunhas que semellan representacións astrolóxicas nos espazos. A portada, de arco sobre columnas, ofrece capiteis con representacións animais e basas áticas”.^{VII}

O terreo onde está ubicada a vila de Maside vaise elevando dende a chaira de O Carballiño, pasando pola zona de transición entre as terras altas de Dacón e as ribeiras do val do Miño e do Barbantiño.

VI. RAMÓN Y FERNÁNDEZ OXEA, José; “La iglesia Románica de Sto. Tomé de Maside”, Cuadernos de estudios gallegos, Tomo 28, fascículo 86, 1973.

VII. RISCO, Vicente, “Geografía General del Reino de Galicia” de Carreras Candi.



Igrexa románica de Santo Tomé de Maside 'O Vello', o camposanto arredor, e á esquerda as caiñas do desaparecido pobo do lugar. Debuxo de Armando Julio Fernández Xesta, de 15 anos, fillo de Don Juan Fernández Pérez "Xesta". (1925)

Aséntase nun interrios do Barbantiño e do Miño, e os regatos que cruzan as terras de Dacón e Carballiño.

No 1900 o templo Románico, con mestura doutras artes, quédase pequeno, sen capacidade para acoller nin a metade da poboación da vila e, ademais estando situado a preto de 2 Qms. nun outeiro ó pé do antigo Camiño Real que achega á Touza, para logo continuar ata Os Chaos de Amoeiro pola calzada romana entre S. Fiz e Parada de Amoeiro; polo que estes inconvenientes sumados a que a nova vila, o actual Maside, medra á beira da estrada de Ourense a Pontevedra, propicia a construción do hoxe templo parroquial no centro de Maside sendo bendecido o 7-1-1910^{viii}, e que aínda carecendo de complementos e adornos acollería os cultos definitivamente dende agosto dese mesmo ano.

O templo de Sto. Tomé de Maside "O Vello" é o de maior categoría e importancia dos existentes hoxe

en día no municipio de Maside, dentro do Románico. En concreto encádrase no Románico rural e a súa construción data de finais do século XII principios do XIII. A construción dos outros templos do municipio como son os de Sta. María de Louredo, Sta. Comba de Treboedo ou S. Pedro de Garabás, é posterior e ademais foron reformados no transcurrir dos anos para darlle máis cabida xa que están habitualmente abertos ó culto e como cabeceiras de parroquia do mesmo nome.

Sto. Tomé de Maside-Vello foi parroquia como antes queda dito ata 1910. O templo está situado nun alto de fermosas perspectivas, rodeado de mansos regatos que bañan os fértiles vales que o rodean.

Encádrase, como xa dixemos, no Románico rural como o outro templo de semellantes características que é o de S. Andrés de Castro de Beiro, aínda que o de Maside revela unha man artística máis fina e depurada.

VIII. RODRÍGUEZ PÉREZ Xosé Ricardo. "Dacón e Maside. Retazos de historia". Argentarium, revista do C.E. Chamoso Lamas. "O templo parroquial de Maside é precioso, bendecido sen a torre o sete de xaneiro do 1910, e que recen estaba teitada por esas datas. Foi precisamente o ilustre abade don Epifanio Ferreiro Monterrubio quen como párroco da freguesía contratou ó canteiro da pontevedresa freguesía de Cotobade, Jesús Vidal o remate da torre do templo parroquial con arreglo o deseño e instrucións do arquitecto don Daniel Vázquez-Gulias Martínez pola cantidade de 20.000 pesetas. O atopala factura da colocación do pararaiois, que correu pola conta da freguesía, datada o 2-5-1923, coñécese que a construción da torre levou algo mais de sete meses, as obras escomenzaran pasadas as festas do San Vitorio do ano 1922, ós nove meses logo da sinatura do contrato".



Igrexa de Santo Tomé de Maside, O Vello.
A.M. Villalba, 2001

A conservación deste templo débese á preocupación dos veciños que xa no ano 1950 por ameazar ruína a fachada, na súa parte superior, foi desmontada e volta a montar coidadosamente ata o arco da portada, ocupando cada pedra o lugar primitivo. Máis adiante, en 1978 media ducia de veciños formamos unha comisión para restaura-lo teito ruinoso e o artesoado primitivo case desaparecido e demais elementos de interese artístico. En 1998 para conseguir a súa total restauración e así poder ser contemplada na posteridade, retomou ou interese outra comisión na que estan o seu carón o párroco mailo alcalde de Maside, e que como primeiro froito foi a intervención da Consellería de Turismo, coa que se conquisou a construción dun novo tellado, cunha armazón axeitada a este tipo de templos [sen o artesoado que non se lle corresponde co estilo], o que permitiu abrila o público en novembro do 2001. Acompañáñose á memoria, os planos feitos tempo hai polo arquitecto masidao don Cesáreo Sánchez

Iglesias, máilo estudio artístico, este que temos entre mans, aportación de nos como comisión veciñal, constituída en 1978. As medicións, valoracións e actuacións para a rehabilitación da igrexa correron a cargo do arquitecto municipal daquelas, don Antonio R. Fernández Pousa.

Ó destapa-la saeteira da ventá absidal (1978), na parte interior, descubriuse outra arcatura semellante á exterior antes citada, descansando en dúas columnas cos fustes das columniñas lisos e os capiteis, un acordoado tamén a xeito de rede, mellor conservado, mutilado en parte, e o outro representa un home alado con cornamenta de cabra, poutas de felino e con dúas colas de serpe.

Cada motivo que fomos detallando forma un conxunto armonioso e cheo de beleza, revelando a man de artistas finos e depurados.^{IX}

Igrexa de Sto. Tomé de Maside.

“A porta principal é de construción análoga ás que viran durante o día; esta mesma coincidencia chamou a súa atención respecto a outros detalles xa de ornamentación xa arquitectónicos, e entre eles o moi significativo de que en case todas estas igrexas os touros das basas de moitas columnas están unidas ós plintos respectivos por medio de garras, detalle característico dos edificios románicos, pero que apenas temos visto nos monumentos da provincia de Ourense. Quizais puidera deducirse disto a existencia nesta localidade dunha escola de construción distinta.

A ousía de planta rectangular ten unha preciosa ventá de arquivolta con baquetóns, un touro funicular e enriba dúas franxas, construída a interior por unha serie de arcos e a exterior axedrezada. Nun dos capiteis destas ventás hai tamén uns ben esculpidos

IX. RODRÍGUEZ Benjamín. e RODRÍGUEZ PÉREZ Xosé Ricardo, “La iglesia de Santo Tomé de Maside ‘O Vello”, xornal “La Región”(Ourense), do 9-II-1979.

capiteis, un na porta da entrada representando unha lebre perseguida por un galgo e outros dous no interior nos que se ve un gracioso grupo de pombas e un home cun caxato noutro. Enriba do frontón no que remata a ábside hai un cordeiro pascual cunha cruz de lacerías igual á de Sta. Comba. Como o tempo apremia regresan a Ourense.”^x

A igrexa de Santo Tomé de Maside e a Porta da Aira.


O número un da Porta da Aira fai unha reseña a ter en conta cando hai que falar de Maside e do que esta vila ten para os que nela viñemos ó mundo.

Pola Porta da Aira pódese entrar no ámbito da Historia da Arte, en especial, da nosa Arte. Neste primeiro número da revista, Dn. José Manuel García Iglesias fai unha escolma da actividade artística do Renacemento na pintura mural na igrexa de Sto. Tomé de Maside (...) ^{x1}

“Cabe sinala-los murais da vella igrexa de Sto. Tomé de Maside como significativos dun modo de facer coñecedor do renacentista. Consérvanse aquí os frescos correspondentes ó testeiro do templo. Abaixo, seguindo esquemas múltiples veces

repetidos represéntanse as figuras da Anunciación deixando no medio a ventá. E arriba, cara os laterais, vese a San Pedro e a San Pablo, pedras angulares da Igrexa, e que, como tales, no seu estado orixinal, debía ocupa-la totalidade do templo. Tamén cabe vislumbrala presenza de Sto. Tomé, patrono desta feligresía, na figura que se pintaba sobre o lugar dese van que centra o testeiro –que estaba tapiado cando se levou a cabo o fresco–; aínda se pode ver, xusto ás beiras desa ventá, restos do contorno de tal personaxe.

¿Onde está o propiamente renacentista na pintura de Maside? Sobre todo na nova concepción implícita en cada figura, ennoblecida no seu porte, significándose deste modo unha nova dimensión dada á representación humana. Tamén hai novas preocupacións no espacial que repercuten nun interese diferente pola sensación de volume a imprimir ó figurativo. Asimesmo resulta sumamente sintomático o tipo de ornamentación do que se vale o pintor; aí pódese ver unha mostra significativa de cómo o léxico renacente se incorpora á obra pictórica mural, tan usual por entón nas igrexas galegas, rompéndose deste xeito unha inercia decorativa mantida durante séculos.” ^{x11}



1º Documento

X. ESTÉVEZ PUGA, Xosé e colaboradores, “Maside e a súa antiga xurisdicción”, 1994. ‘La Tierra de Maside’, de ‘Excursiones por España’ (1895): por Gabriel Puig y Larraz.

XI. RODRÍGUEZ PÉREZ, Xosé Ricardo: “A igrexa de Sto. Tomé de Maside e a Porta da Aira”, xornal “La Región” (Ourense) do 11-II-1989.

XII. GARCÍA IGLESIAS, J.M., “La actividad artística ourensana en tiempos del renacimiento”.



*Praza Maior de Maside, 1849 (Robert 1989)
O cruceiro maila capela de San Antón foron mudados deste emprazamento no 1683.*

A VILA DE MASIDE:

A historia de Maside, municipio e vila, está na acción de varias xurisdiccións e mosteiros: Mosteiro de San Clodio, Santa Comba de Naves e de Oseira, e da xurisdicción real, e de xeito máis amplo polo Conde de Ribadavia. A Coroa tiña en Maside unha despena. Os diezmos do seu cilleiro de Maside diunos Alfonso IX para o mosteiro de Melón, estando o rei na vila de Maside o 11 de Abril do 1216, na mesma era da doazón real:

1º documento: "AHPOur - Tumbo do mosteiro de Santa María de Melón. Lb. 339: 'Maxide'. Px. 9 v."

"Maxide: Hay una donación que hizo el Rey don Alonso de las décimas de su cillero de Maxide a este monasterio, para la fábrica de la iglesia. Era de 1254 [ano 1216]. Está en el cajón 8, legajo 31, nº 9. Esta era muy grande renta, y que se ha perdido de todo punto, y no hay otra mas luz y claridad de ello: no sirve ahora de nada, sino para que se advierta como se han perdido nuestras cosas por descuido y por no mirar escrituras antiguas".^{xiii}

Sobre estas liñas recollemo-la interpretación do anterior documento, acomodándoo a nosa linguaxe:

XIII. AHPOur – Tumbo do mosteiro de Santa María de Melón. Lb. 339: "Maxide". Px. 9.

*Maside. Donación Real.
Era de 1254 el Sr. Rey D. Alonso el 9.º hizo donación a este
Monasterio para la fabrica de la Iglesia de las decimas de su Cilleiro de
Maside.*

2º Documento

2º documento:

Facémo-lo mesmo con este documento, acomodá-molo os nosos tempos:

“Maside. Donación Real. Era de 1254 el Sr. Rey D. Alonso el 9.º. Hizo donación a este Monasterio para la fabrica de la Iglesia de las decimas de su cilleiro de Maside”.^{XIV}

É significativa a denominación de Condomas ou condominio (existindo aínda hoxe o Pazo, do XVII, con ese nome e habitado).

Antes da desviación, e por integrarse no conxunto da vila, aínda que quede algo alonxada, débese facer a visita da parroquial antiga de Sto. Tomé de Maside, hoxe rodeada polo cemiterio. Quede á dereita do itinerario, pola estrada á estación.


É un dos máis notables exemplares románicos da provincia, e o seu tipo responde á proporción españa-fachada, como en Gomariz. Portada de dous pares de columnas de capiteis decorados; as arquivoltas e faixa de medio punto, e tímpano liso sobre “mocheta”. Nos muros laterais, cornixas de canzorros vexetais e algún figurativo.

Ábsida cuadrangular, cunha ventá famosa pola variedade das súas arquivoltas e polos seus capiteis. Por riba dela, tornachuvias (“tejaroz”) sobre canzorros decorativos e metopas decoradas; o remate é un pequeno frontón con antefixa calada sobre Agnus Dei.

Pola cara Norte hai canzorros e metopas coma os do testeiro; no Sur oculta o aleiro da sacristía. No interior, repítese o derrame da ventá absidal case exactamente.^{XV}

Cos novos tempos vidos coa sensibilidade que o Concello de Maside amosa polo patrimonio masidao, coidamos que proseguir co desencalado do interior que xa o escomenzara no 1978 a mentada comisión

prorestauración, as novas campás ou a reparación das que temos, máis o reboque das xuntas, cubri-las saeteiras, e outros traballos máis miúdos, recibirán o apoio preciso para rematar de facer o que tanto costou, e que recoñecendo que se fixo o máis urxente, tamén debemos ter en conta que só está arranxada a medias. Decimos ven por canto traballos recollidos na memoria non se acometeron: A limpeza dos panos de pedra interiores, a restauración das ventás de madeira, nin se fixo a tarima nin a escada de madeira que subía a tribuna, nin se repararon os frescos nin a súa policromía.



XIV. AHPOur – Mosteiro de Santa María de Melón. Caixa 10256. Inv. Nº 2. Fincas Urb. Ano 1836. “Maside Donación Real”. Pá. 9 v. (s/n).
XV. CID RUMBAO, Alfredo, “Ejemplares románicos en el municipio de Maside”, xornal “La Región”(Ourense), do 6-IV-82.